

Rexistro Xeral: UVIGO1101 nº 200600009290

ASUNTO: SEGUNDA PETICIÓN DE APLICACIÓN DO PLAN CONCILIA AO PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Nun escrito enviado o 31 de marzo á xerencia que Vde. dirixe o sindicato CC OO solicitáballes a aplicación dos beneficios do Plan Concilia ás traballadoras e traballadores da Universidade de Vigo.

Setenta días máis tarde CC OO volve a insistir na mesma petición ao comprobar que se están denegando permisos que solicitan a acumulación das horas de lactación e a ampliación da redución da xornada de traballo para coidado de fillos maiores de seis anos (e menores de doce).

Non é escusa argumentar que o Plan está pendente de negociación cos sindicatos pois é Vde. quen ten que convocar ás seccións sindicais para tratar este asunto, ademais, Vde. coñece perfectamente que, polo menos nas dúas circunstancias citadas, o criterio das centrais sindicais parece que é unánime e que polo tanto nada impediría que a xerencia tomase, neste caso, a iniciativa.

De novo insistimos en que é urxente que Vde. convoque aos sindicatos para tratar este asunto e, asemade, lle rogamos encarecidamente que namentres non haxa un acordo que regule estas cuestións non lle denegue a ningunha traballadora ou traballador uns beneficios dos que xa gozan milleiros de funcionarias e funcionarios públicos.

Vigo 9 de xuño de 2006

Atentamente

Manuel Velasco Graña

Coordinador da Sección Sindical
de CC OO da Universidade de Vigo